

PISADOS

O graffiti como acción.

Na súa performace Fredy Solan parte do termo "Pisados" (*going over*), utilizado dentro do mundo do graffiti para a acción de sobrepor unha sinatura sobre outra ou para a idea de pintar un mural sobre outro sen autorización do artista.

A proposta consiste en que un ou varios graffiteiros pisen un sobre o outro de forma literal. Un artista déitase no chan e sobre el ponse de pé outro artista para pintar un mural de principio a fin, para despois proceder a un intercambio de roles.

A proxecto implica unhas relacións entre a violencia, o poder e mais a arte que son ligazóns naturais, como a que se establecen en variados ámbitos da actividade humana, en que as realidades da violencia e do poder son presenza constantes, e, en certo sentido consubstanciais. Esta acción cuestiona a procura de superioridade dun artista sobre outros. Tamén pon en cuestión o que un artista está disposto a aturar por entrar no circuíto da arte facendo énfase en inclinar esta proposta cara o abuso do poder como un comentario á sociedade actual.

Se a arte era, até o noso tempo, representación, a progresiva evolución da mesma foinos levando a un territorio distinto pasando da representación á obxectualización, no que a arte ten sentido *per se*. E este vai ser o novo territorio no que agrome a violencia na arte contemporánea.

Nesta liña, o proxecto *Pisados* abala entre a sedución e a crítica social e ten como un dos elementos distintivos a obxectualización do corpo.

Como moitos artistas do noso presente Fredy Solan parte da constatación da violenta desorde en que estamos instalados, coas súas fracturas ideolóxicas, e o seu traballo responde á necesidade de pór en evidencia as estratexias de opresión. Opta por constatar e deixar testemuño do desequilibrio, a inestabilidade substancial da nosa condición, captando a inseguridade, a vulnerabilidade das persoas cando saímos do noso ámbito referencial.

O seu é un traballo froito dunha actitude reflexiva en que o importante é patentizar a vontade de autodestrución do home actual, a violencia do noso mundo, diseccionando os mecanismos de opresión do poder.

Esta sensación de ameaza presente en *Pisados* deixa ver as trampas e os engados que nos deita o poder, conformando un xeito de comprender o noso presente e enfrontámonos á realidade que nos toca vivir.

-Carlos L. Bernárdez